LAPIS, OBXECTOS E CUBRICIONS

Esta guía xorde do traballo co **CEIP Huerta de Santa Marina (Sevilla)** que participou nos **Programas de Arte y Escuela** promovidos por **ZEMOS98** e a **Consejería de Desarrollo Educativo y Formación Profesional** da **Junta de Andalucía.**

Textos e deseño de Lapis, Obxectos e Cubricións — **Cantón y Prada**

Mediación e acompañamento — **Sofía Coca (ZEMOS98)**

Fotografías — **David J. Fonseca, Laura Zorrilla e Cantón y Prada**

Tradución ao galego — **Reverso Comunicación**

Edición deseño e maquetaxe — **Estornudo.es**

Contribuíron coa súa participación durante o curso 2023/24 as docentes do **CEIP Huerta de Santa Marina de Sevilla.**

**ao longo da nosa guía utilizaremos o xénero feminino e masculino para referírmonos ás/aos participantes nos talleres.*

Esta obra está editada baixo licenza [CC by-nc-sa].
Es libre de copiar, remesturar, redistribuír, transformar e crear a partir do material en calquera medio ou formato sempre e cando recoñezas a autoría, non teña fins comerciais e o compartas baixo a mesma licenza.

GRAZAS
ÁS PERSOAS GRANDES E PEQUENAS
COAS QUE COMPARTIMOS,
APRENDEMOS, E NOS INSPIRAMOS.

PLANEA
RED DE ARTE Y ESCUELA

ZEMOS98

Cantón y Prada

LAPIS, OBXECTOS E CUBRICIÓNS

OLA, AQUÍ ESTAMOS 3

SEMENTES DO PROXECTO 5

INTENCIÓNS 9

OBXECTOS QUE TE ACOMPAÑARÁN NO PROCESO 11

TRABALLO DE PATIO 13

E TI QUÉ CUBRIRÍAS? (UNHA VIAXE ARTÍSTICA EN COLECTIVIDADE) 21

COMPETENCIAS E CONTIDOS 23

SESIÓNS DETALLADAS 27

SOMOS CANTÓN Y PRADA 39


PLANETA
GRACIAS
FERNANDO

OLA, AQUÍ ESTÁMOS.

Con esta guía vas aprender a implantar **Lapis, obxectos e cubricións.**

Un proxecto artístico, educativo e inclusivo que investiga, desde o xogo e a creatividade, outras formas de experimentar a grafo-escritura fóra da aula. Durante o noso proceso de investigación e creación, o **Libro de Malabarismo funcional** de **Craig Quat**, foi unha fonte de inspiración polo seu minucioso e orixinal traballo, que nós adaptamos e redeseñamos como elemento matriz do noso proxecto.

Durante o curso 2023/2024 **Lapis, obxectos e cubricións** púxose en práctica con segundo ciclo de infantil e primeiro ciclo de primaria no CEIP Huerta Santa Marina de Sevilla.

Despois desta experiencia, podemos recoller con satisfacción tres fitos do noso proxecto:

- **Xogar a Lapis no patio do colexio con vinte e seis alumnos* e nun ambiente de escoita e de atención plena.**
- **Poder compartir as nosas sesións co alumnado da aula específica.**
- **Sorprender a comunidade educativa e veciñal do noso barrio, creando xunto co profesorado, unha gran cubrición, realizada co material gráfico creado polo alumnado participante no proxecto e coa que tamén contribuímos a darlle visibilidade á necesidade de contar con espazos públicos no noso barrio, dentro da proposta educativa de aprendizaxe e servizo "Camiños escolares seguros".**

Foi un día moi emotivo no que durante toda unha mañá, o colexio e as súas rúas contiguas se transformaron nun espazo artístico vivo e puido ser gozado por toda a comunidade.

PAZ AMOR
ANDALUCIA
AEIOU
CASA DE SARA

SEMENTES DO PROXECTO.

Lapis, obxectos e cubricións pivota sobre tres eixes esenciais, de aí o seu nome:

LAPIS

Lapis é a palabra elixida para nomear o xogo que deseñamos. Inspirámonos na teoría da ensamblaxe e mapas de secuenciación do **libro de Malabarismo funcional.**

Lapis é un xogo para dúas persoas e require de obxectos para ser xogado. É un xogo inclusivo, e a súa práctica pódese incluír no cotián. Coa práctica de Lapis xéranse estados de atención plena e concentración en colectividade, que favorecen o desenvolvemento das capacidades cognitivas necesarias para o progreso da grafomotricidade e da escoita.

A nosa experiencia co alumnado co que xogamos a Lapis nas sesións, levounos a presenciar cambios e recibir respostas moi positivas con alumnos que presentaban carencias en aspectos colaborativos, de concentración, organización lateral, etc.

Antes de xogar a Lapis nas túas sesións, deberás xogar de maneira informal noutros espazos e con persoas diferentes. Esta bagaxe darache información valiosa acerca de como funciona o xogo a nivel psicomotriz, pero tamén te achegará ás diferentes formas que temos as persoas de abordar o xogo a nivel mental e emocional.

Deberás ter paciencia e confianza porque a progresión das sesións é sutil, pero precisa e marabillosa.

É un espazo social no que o corpo se comunica sen usar a palabra.

OBXECTOS

Usamos os obxectos como elementos condutores e comunicadores. Eliximos que sexan obxectos cotiáns que formen parte do noso día a día e que sexan accesibles e sinxelos.

A nosa intención é resignificar a mirada que temos sobre eles para ampliar as súas posibilidades de uso e pór en valor a información que nos suxiren a través da memoria e da imaxinación.

Ao adestrar a nosa mirada de atención cara aos obxectos, melloramos a relación motriz que compartimos con eles. Tamén activamos o imaxinario, espertamos os sentidos, practicamos a psicomotricidade fina e aprendemos a importancia de dar e recibir entre as persoas.

Cubrirémolos de misterio, lanzarémolos, serán fichas para xogar a lapis, tocarémolos e soarán, pintaremos con eles e sobre eles...

LAS COSAS

Las cosas, nuestras cosas, les gustan que las quieran;
a mi mesa le gusta que yo apoye los codos,
a la silla le gusta que me siente en la silla,
a la puerta le gusta que la abra y la cierre
como al vino le gusta que lo compre y lo beba,
mi lápiz se deshace si lo cojo y escribo,
mi armario se estremece si lo abro y me asomo,
las sábanas son sábanas cuando me echo sobre ellas
y la cama se queja cuando yo me levanto.
Qué será de las cosas cuando el hombre se acabe?
Como perros las cosas no existen sin el amo.

Gloria Fuertes

CUBRICIÓNS

Inspiradas polo traballo dos artistas **Christo e Jeanne Claude**, comezamos creando pequenas cubricións para revestir os obxectos de misterio, coa intención de converter o máis próximo en irrecoñecible. Con esta proposta, desexabamos ampliar o imaxinario do alumnado, propiciando unha mirada de transformación sobre as cousas que nos rodean no noso día a día.

Ao mesmo tempo que creamos pequenas cubricións, fomos dando comprensión ao que sería o produto final: unha gran cubrición a modo de instalación artística.

Para elixir o espazo que vaiamos cubrir e entender o sentido das cubricións, xogamos coa pregunta: "E ti, que cubrirías?"

A gran cubrición realízase cun rolo de papel de 50 metros. Ese rolo de papel é usado en cada sesión e é o espazo onde o alumnado expresa, en forma de escritura-debuxo o seu propio sentir. Con esta acción repetida no tempo, o rolo convértese nun obxecto de carácter artístico e colectivo, co que cubriremos un espazo dentro da escola ou a súa contorna.


CON
INAGINACIÓN
LOS SUEÑOS SE HACEN REALIDAD
SUEÑOS
AGINACIÓN

INTENCIÓNS.

- Activar o estado de escoita para poder interactuar harmoniosamente coa contorna.
- Fomentar relacións baseadas nos afectos, cun mesmo e cos demais.
- Nutrir o imaxinario sensorial.
- Desenvolver as capacidades sensorio-perceptivas-motrices
- Facer uso do patio como lugar de investigación e aprendizaxe.
- Impulsar o gozo nas sesións e da espontaneidade.
- Promover relacións de interdependencia entre o profesorado do centro.


Cantón y Prada

OS OBXECTOS.

Dividimos os obxectos que vas necesitar para as sesións en dous grupos:

- **Obxectos imprescindibles, que son os que están incluídos no kit Planea**
- **Obxectos secundarios, que son os que ti terás que reunir.**

OBXECTOS IMPRESCINDIBLES. KIT PLANEA

O kit PLANEA contén obxectos que están pensados e deseñados para xogar a Lapis. Tamén materiais para escribir-debuxar no rolo. Se non dispós do Kit PLANEA, non son difíciles de conseguir:

- **Alfombras.**
- **Taboleiro de xogo.**
- **1 conxunto de campás.**
- **1 conxunto de ovos sonoros.**
- **1 rolo de papel.**
- **Rotuladores negros.**

Para xogar a Lapis necesitarás moedas e chaves. Esta é unha misión moi importante que terás que levar a cabo xunto co teu alumnado.

Pedirasllе a cada alumno que traia a clase dúas moedas e dúas chaves. Este exercicio de completar o kit entre todas, será unha actividade previa á sesión 0 e é unha forma de compartir os nosos obxectos e historias, converténdoos nun material de ben común que fala de cada un de nós.

Eliximos estes dous obxectos porque é moi usual ter pola casa chaves en desuso e moedas esquecidas que rolan polos caixóns.

As moedas espertan moito interese polo valor social que se lles presta e se son doutros países e épocas traen consigo historias que compartir de migracións ou viaxes.

As chaves son máxicas e dannos a oportunidade de abrir portas cara a outros lugares. É un obxecto que nos convida ao xogo inmediato pola súa forma única e cotiandade.

OBXECTOS SECUNDARIOS

Os obxectos secundarios compleméntanse cos obxectos imprescindibles e articulan o bo funcionamento das sesións. Terás que conseguilos ti, e son materiais que, en xeral, poderás atopar no teu centro educativo.

Obxectos que terás que conseguir ti:

- **Calquera obxecto tamaño cubo que poida albergar obxectos pequenos.**
- **Fita de carroceiro.**
- **Papel reciclado.**
- **Cronómetro.**
- **Xices.**
- **Coxín.**
- **Breve lectura.**


ADALUSIA A

TRABALLO DE PATIO.

¡TEMPO E VÍNCULOS!

Ten en conta que antes de cada sesión, necesitarás un tempo para preparar os 3 espazos. Esta parte é fundamental para o bo funcionamento da sesión e manexar os tempos amablemente. Para poder levalo a cabo podes organizarte con algún compañeiro. Cremos de vital importancia que este movemento se dea para seguir xerando pequenos vínculos. A recollida é máis fácil porque podes implicar o alumnado.

ESPAZO.1

Espazo colector de corpos e emocións que nos axudará a situarnos na actividade. Xogamos todas xuntas coa palabra e os obxectos.

Aquí mostraremos e lembraremos os movementos necesarios para xogar ao Lapis.

- BENVIDA CON CÍRCULO DE XIZ
- CUBRICIÓN
- RODA DE PALABRAS
- PASE DE OBXECTO

circulo-de-tiza-grito.mov

O QUE VAS FACER NO ESPAZO 1

» CÍRCULO DE XIZ

Debuxa un círculo de xiz no lugar onde vas recibir o grupo. No círculo debe caber todo o alumnado.

» AS CUBRICIÓNS

Neste espazo sempre haberá un obxecto cuberto para xogar ou descubrir.

Dependendo da sesión propomos dous tipos de cubrición neste espazo:

- **Cubrición dalgún obxecto que nos sirva para xogar ao Lapis.**
- **Cubrición-coxín que nunca descubrirás e usarás para xogar a "pase de obxectos".**

Coa premisa de Christo e Jeanne Claude: "Coas cubricións o coñecido vólvese sorprendente" e á pregunta, que pensades que hai dentro?

Sementamos de misterio e posibilidades o pensamento do noso alumnado. Mentres o mostras podes axitalo para escoitar como soa, que peso ten, o seu tamaño, etc... e así comezamos unha conversación na que se lle dá permiso á imaxinación para crear suposicións de diversa natureza.

» RODA DE PALABRA

A roda de palabra é un xogo de rapidez e improvisación coa palabra. Todo o grupo estará situado no círculo de xiz.

Na primeira rolda mostraraslle ao grupo como pasarlle a enerxía á persoa que tes ao teu carón, a través dunha ¨palmada fregada¨. A enerxía irá circulando de persoa en persoa a través da palmada. A rapidez é imprescindible neste xogo e pódese cambiar

en calquera momento o sentido de circulación da palmada.

Na segunda rolda proporás unha temática concreta para expresar palabras.

Nesta ocasión ademais da palmada fregada, sumarás unha palabra relacionada coa temática proposta.

Por exemplo:

- **Verán: tortilla, sandalia, auga, azucre, familia...**

Tamén podes facer relacións gramaticais.

Por exemplo:

- **Palabras que leven o son Pa: pataca, panca, pato...**

Para que esta proposta funcione é imprescindible:

- **Manter a atención e o silencio mentres non sexa a túa quenda.**
- **Non preparar a resposta con anticipación e responder con rapidez.**
- **Non censurar a expresión propia.**

Recomendámosche que fagas dúas ou tres roldas de palabra.

» PASE DE OBXECTO

Xogaremos con varias premisas importantes: a importancia de como lanzar e recoller un obxecto, a necesidade de crear contacto visual entre a persoa que lanza e a que recibe e a imaxinación e improvisación lingüística á hora de xogar coas palabras.

Agora poderemos lanzarlle o obxecto a outra persoa que non estea ao noso lado. Debemos lanzar o obxecto ata que todo o alumnado o reciba. Cando un alumno realiza o lanzamento pode agacharse, así o grupo saberá quen non recibiu aínda. Tentaremos que se estableza un pulso común no pase de obxecto.

Unha vez realizada unha primeira rolda poderás comezar outra engadindo, antes de lanzar unha palabra con temática, como farías na proposta anterior.

Para que esta proposta funcione é imprescindible:

- **Manter a atención e o silencio mentres non sexa a túa quenda.**
- **Non utilizar a palabra, nin o xesto para chamar a atención doutra persoa.**
- **Lanzarlle o obxecto a unha persoa coa que contactásemos visualmente.**
- **Non preparar a resposta con anticipación e responder con rapidez.**
- **Non censurar a expresión propia.**

ESPAZO.2

O QUE VAS FACER NO ESPAZO 2

Espazo preparado para xogar as partidas de Lapis. Xogamos por parellas.

Terás que elixir un espazo apartado do círculo e estender as alfombras en liña. Situarás os taboleiros de xogo cos obxectos ordenados cos que vaias xogar ese día. Ao finalizar todas as partidas, este espazo deberá quedar recollido.

O ideal é ordenalo e recollelo co alumnado antes de ir ao seguinte espazo.

- XOGAR A LAPIS
- RECOLLIDA DE MATERIAL

» XOGAR A LAPIS

Lapis é un xogo táctil e rítmico con obxectos en traxectoria, inspirado na teoría da ensamblaxe e mapas de secuenciación de Quat Props.

É un xogo para dúas persoas e require dunha táboa de madeira que fará as veces de taboleiro. Comezaremos xogando con catro obxectos de forma similar.

Unha das persoas será a que guíe a partida e encargarase de propor a traxectoria dos obxectos. A outra persoa terá que imitar o mesmo patrón de movemento a modo de espello.

Hai catro movementos básicos para combinar libremente: Sincrónico Lateral, Asincrónico Lateral, Sincrónico Bilateral e Asincrónico Bilateral, que poderás aprender nos nosos vídeos.

A manipulación dos obxectos dependerá das características deste, dando lugar a diferentes versións na súa expresión física.

A dificultade do xogo pode incrementarse engadindo sinais externos. Os sinais externos son obxectos que se sitúan fóra do taboleiro e suman unha atención extra.

O taboleiro do Lapis xunto cos obxectos, é unha experiencia compartida, un espazo social que xerará un diálogo de escoita mutua en relación co espazo e o tempo, creando un pulso común entre as dúas persoas que xogan.

Que debemos saber antes de xogar ao Lapis.

Lapis ten unha rutina de organización previa e actuación durante o xogo que terás que manter e repetir en todas as sesións. É unha parte moi importante para que se xere a concentración necesaria para a aprendizaxe...

Cando lle explicamos como xogar ao Lapis ao alumnado, dicímoslle que é un xogo de comunicación no que unha persoa propón e a outra responde, repetindo os movementos en forma de espello. Podes mostrar os movementos xogando con algún alumno. En cada sesión tes que repetir este exercicio, ampliando a información e lembrando e incluíndo as modificacións que se darán co uso de novos obxectos.

(Lembra facer esta demostración no Espazo 1 antes de desprazarte ao Espazo 2)

Terás que organizar o alumnado para que tomen os seus lugares diante dos taboleiros en dúas filas enfrontadas, así formarán as súas parellas de xogo. Crear unha dinámica divertida e efectiva para que se dea esta organización facilita este traballo.

As partidas durarán aproximadamente 1 min e 30 segundos e xóganse 2 partidas coa mesma parella, así ambas as persoas desempeñan o rol de guía.

Cando remate a partida, e as dúas persoas guiasen, os alumnos dunha fila rotarán unha posición para iniciaren unha nova partida, pero cunha parella diferente.

Para que se de unha comunicación clara e eficiente, podes facer uso das campás para establecer sinais sonoros que che poidan axudar a:

- **Marcar o comezo e final de cada partida.**
- **Cambiar o rol de guía.**
- **Facer a rotación para o cambio de parella.**

Normas para unha boa práctica do Lapis:

- **Respectar os patróns de movemento.**
- **Pór atención ao tempo e ao posicionamento receptivo das mans.**
- **Imitar a frecuencia natural do comportamento do noso compañeiro.**
- **Manter un tempo equilibrado e harmónico no xogo.**
- **Limitar a palabra**

ESPAZO.3

Espazo preparado onde estender uns 3 ou 4 metros de rolo de papel e compartir unha breve lectura. O chan onde se leve a cabo debe ter unha textura lisa para poder escribir-debuxar con comodidade.

- **Narración oral**
- **Rolo de papel**
- **Recollida rolo**
- **Peche con campás.**



O QUE VAS FACER NO ESPAZO 3

» NARRACIÓN ORAL

Propomos unha breve lectura antes de repartir os rotuladores para que comecen a escribir-pintar.

Recomendacións para a lectura:

- **O poema de Gloria Fuertes: "Nuestras cosas".**
- **Lost in translation. Palabras intraducibles. Ella Frances Sanders. Libros del zorro rojo.**
- **Cuentos cortos para niños que se duermen enseguida. Editorial KALANDRAKA. Autores Pinto & Chinto.**

» O ROLO DE PAPEL



Este é un momento moi importante en todas as sesións porque é onde se recolle graficamente todo o traballo de grafomotricidade e escoita previa.

É un traballo individual/colectivo onde se xera un espazo de intimidade compartida. Sempre se utilizarán rotuladores negros por unha cuestión estética e funcional.

Proporáselle ao alumnado que exprese en forma de escritura-debuxo a súa reflexión propia en relación coa lectura escoitada. Así o rolo converterase, de maneira improvisada, nun lugar onde expresar sentimentos e emocións.

Ao mesmo tempo, estaremos a producir a materia prima necesaria para a Gran Cubrición.

» RECOLLIDA DO ROLO.

Ao terminar terás que enrolar o rolo comezando desde o outro lugar para crear un dobre rolo.

» PECHE CON CAMPÁS

Colocaranse no chan as oito campás e crearanse dúas filas. Unha fila diante do Do e outra diante do SOL. Cada fila encargarase de tocar catro campás e tocaranas de maneira asincrónica alternando unha man e outra.

É a forma na que pechamos cada sesión mantendo a presenza do traballo de escoita e grafomotricidade.

cierre-con-campanas.mov



E TI QUE CUBRIRÍAS?
(UNHA VIAXE ARTÍSTICA EN COLECTIVIDADE)

Esta é a parte máis creativa do proxecto!

Por iso deberás pensala como unha creación artística colectiva que require dunha comunidade para ser levada a cabo.

É moi importante que comeces a traballala desde o principio e non a abandones durante o proceso.

Podes comezar cun traballo individual.

Para iso propómosche que investigues o traballo de **Christo y Jeanne Claude** e fagas o exercicio de responder á pregunta:

» E TI QUE CUBRIRÍAS?

Dándote permiso para imaxinar ao grande (e ao miúdo) e confeccionando unha listaxe de posibilidades.

Unha vez que ti mesma experimentases este exercicio, podes replicalo na clase. Podes ensinarlles as creacións de Christo e Jeanne Claude, incluíndo os bosquexos previos dos seus traballos. Tamén podes propor que elixan algunha das propostas que imaxinasen e trasladala ao papel creando os seus propios bosquexos, seguindo a liña da parella de artistas e profundando no traballo previo que se necesita antes de materializar un proxecto.





As cubricións estarán presentes en todas as sesións, pero depende de ti que o concepto siga vivo en todas elas.

Como xa comentamos, é moi importante que busques aliados dentro da comunidade educativa, para poder levar a cabo a Gran Cubrición.

A Sesión 4 estará dedicada máis en exclusiva ás cubricións. Para esta sesión propómosche realizar algún tipo de maqueta que mostre como podería chegar a ser A Gran Cubrición. A partir desta sesión, ti, o teu alumnado e as persoas que quixesen implicarse no proxecto, teredes que ir enfocando cal vai ser o produto artístico final que ides producir.

Aquí deixamos diferentes ligazóns do noso traballo no CEIP Huerta de Santa Marina de Sevilla e esperamos que che sirvan a modo de inspiración.

Durante o curso 24/25 o proxecto Lapis, obxectos e cubricións, formou parte do programa Arte e Escola da rede Planea, no que participaron 7 centros escolares de Andalucía. A continuación, incorporamos un texto coas competencias e contidos que o profesorado elaborou na última sesión de avaliación en liña e transcrito integramente por Cantón y Prada.

COMPETENCIAS E CONTIDOS.

Gozo e participación nas diferentes actividades que realizan nas sesións.

Traballo en grupo, saber escoitar, ter presentes os demais, esperar a quenda.

Utilizar o patio para aprender/xogar.

Gran cubrición do CEIP Andalucía (curso 2024/2025)

CUBRICIÓNS PEQUENAS

- Psicomotricidade fina.
- Infantil: manifestar interese por participar en situacións cotiás a través da exploración, interese creativo, plástico.
- Traballo de inferencia, comunicación, representación da realidade, creatividade. Respecto polas creacións (cubricións) dos compañeiros
- Aprender a aprender: planificación e deseñar o obxectivo, expresar o que fan.
- Creación de expectativas, para que utilizar un vaso á parte de...? (traballo de creatividade/imaxinación)
- Expectación, euforia, entusiasmo.

ESPAZO 1

- Psicomotricidade grosa
- Seguridade en si mesmo, conciencia do seu propio corpo, mirar aos ollos, autoestima.
- Comunicación non verbal, mirada, atención, concentración, autorregulación.
- Saber interpretar a mensaxe ao non ter voz, interpretar mirada e xestos, direccionalidade.
- Estimación e cálculo coa distancia, forza e direccionalidade.
- Control inhibitorio.
- Rapidez de pensamento/mental.
- Axilidade e velocidade, implica memoria.
- Expresión propia.
- Autoestima e confianza.
- Cohesión de grupo.

ESPAZO 2

- Atención e concentración
- Comunicación non verbal, xestual.
- Intercambio de información dos hemisferios cerebrais, traballo en espello, comunicación non verbal, establecemento de patróns matemáticos traballado a nivel físico, atención, control inhibitorio.
- Funcións executivas: autocontrol, control inhibitorio, planificación.

ESPAZO 3

- Lectoescritura, creatividade
- Manifestación de necesidades, aproximación á linguaxe escrita, tranquilidade, gozo, imaxinación.
- Dominio do espazo de expresión, permitirse outras cousas nese espazo.
- Cambio físico á hora de debuxar/escribir axúdalles a se expresaren máis libremente.
- Lectoescritura, comprensión oral, intelixencia emocional a través do rolo, expresión propia.

GRAN CUBRICIÓN

Tamén agregamos testemuños experienciais sobre o produto artístico final e extraídos de conversacións de correo electrónico.

"HOXE FOI O GRAN DÍA, FOI UNHA PASADA, MERECEU A PENA O MADRUGÓN.
AO FINAL DECIDÍMONOS POR REIVINDICAR QUE NOS ARRANXEN XA O XIMNASIO, FIXEMOS CAMIÑOS DESDE AS PORTAS ATA O XIMNASIO E ALÍ HABÍA UN CARTEL"

CEIP Talhara (Sevilla)

"O CUBRIR UN CAMIÑO, DEU A OPCIÓN DE PERCORRER ESE CAMIÑO UNHA E OUTRA VEZ, SEN CANSAR, NON REPARABAN EN QUE HABÍA, EN QUE CONTIÑA ESE PAPEL, PERO SI VIRON UNHA OPORTUNIDADE DE XOGO.
E AO FINALIZAR O RECREO, PARTIRON E PARTIRON O PAPEL, DIXÉMOSLLE QUE O DEIXASEN NUN PUNTO DE RECOLLIDA PRETO DO AMOREADO, E SERVIULLES PARA SEGUIR INVENTANDO XOGOS, CUBRÍRENSE, SIMULAR UNHA PISCINA, ESCONDERSE...
DÉIXOVOS AQUÍ UNHA PARTE VISUAL..., SON CARAS DE FELICIDADE TOTAL, E DE NENOS QUE TEMOS CON NECESIDADES, FOI UNHA EXPLOSIÓN ATOPARSE BAIXO TANTO PAPEL, RODEARSE DEL..."

EEI Julio César (Sevilla)

"O ALUMNADO DE 1O E 2O ENFADOUSE UN POUCO POLA POSIBILIDADE DE QUE PISASEN O SEU TRABALLO, NON QUERÍAN E ESTIVERON A FALAR COA XENTE.
LOGO ACHEGÁBANSE A VELO E TENTABAN NON PISALO.
SORPRENDEU A COMUNIDADE"

CEIP Miguel Hernandez (Sevilla)

Gran cubrición do CEIP Talhara
(curso 2024/2025)

SESIÓNS DETALLADAS.

Todas as dinámicas das sesións atoparalas desenvolvidas no Traballo de Patio.

SESIÓN 0. DES-CUBRIR

- **Duración da sesión: 50 min aprox.**
- **Lugar: aula.**
- **Obxectos imprescindibles: Rolo de papel e rotuladores. Moedas e chaves.**
- **Obxectos secundarios: Obxecto grande de que poida albergar as moedas e as chaves, tipo balde ou cesto. Papel reciclado, fita de carroceiro (1 por cada 5 peques). Poema de Gloria Fuertes.**



CON ESTA SESIÓN QUEREMOS:

Fomentar a comunicación oral no grupo. Xerar lazos de confianza. Practicar a psicomotricidade fina. Activar o pensamento divertente. Acrecentar a escoita oral e expresión escrita.

QUE NECESITAS DEIXAR PREPARADO ANTES DE COMEZAR A SESIÓN?

- **Cubrir obxectos que se vaian usar nas seguintes sesións para xogar ao Lapis. O mesmo número de obxectos que alumnas no grupo.**
- **Meter as cubricións dentro dun balde ou cesta grande e cubrila tamén.**
- **Teremos papel reciclado e fita de carroceiro nas mesas.**

COMENZAMOS

Dinamizamos a presentación da cubrición relacionándoa co misterio. Presentamos un grande obxecto cuberto que alberga todos os obxectos cubertos por ti antes da sesión.

Situámolo como unha obra de arte que só se pode ver e non se pode tocar.

- **Que pensades que é isto que traio aquí?**

Xerar debate acerca de que podería ser. Despois pódelo axitar para escoitar como soa, que peso ten, o seu tamaño e forma.

Xogar con eles á afirmación e repetición.

- **Martina, ti crees que esta cubrición ten os calcetíns da túa avoa?**

Descubrimos a cubrición e repartimos os obxectos cubertos e cada nena desenvolve o seu obxecto e dinamizamos a conversa sobre que recordo ou experiencia lles trae.

Convidamos a volver cubrir o obxecto para que os obxectos sexan recibidos por outro grupo. Iso failles moita ilusión!

Lemos o poema de Gloria Fuertes e falamos sobre el.

Coidados: A cubrición non é un agasallo por tanto non a envolverás coma se se tratase dun agasallo. É interesante deixar ver a forma do obxecto que se envolve e mesmo deixar á vista parte del. Relacionar a cubrición co misterio e a transformación.

SESIÓN 1.
TRAXECTORIAS SINCRÓNICAS E ASINCRÓNICAS

- Duración da sesión: 50 min
- Lugar: patio e un chan onde se poida estender uns 4 metros de rolo e se poida escribir.
- Obxectos imprescindibles: alfombras, taboleiros, campá, moedas e chaves
- Obxectos secundarios: Cronómetro, xiz e breve lectura.

CON ESTA SESIÓN QUEREMOS:

Iniciar a aprendizaxe de patróns. Recoñecer o esquema corporal propio. Activar habilidades cognitivas necesarias para a grafomotricidade. Ampliar o imaxinario a través da expresión propia. Aumentar a escoita, a improvisación e a atención plena. Acrecentar a escoita oral e expresión escrita.

QUE NECESITAS DEIXAR PREPARADO ANTES DE COMEZAR A SESIÓN?

- Necesitas cubrir un dos taboleiros de xogo do Lapis.
- Necesitas colocar as alfombras no patio formando unha fila longa e os taboleiros enriba da alfombra tamén en fila.
- Necesitas 4 obxectos iguais enriba de cada táboa.
- Necesitas pintar un círculo grande de xiz. No centro do círculo a modo de obra de arte, deixarás colocado o taboleiro de xogo cuberto e a cesta que alberga os obxectos cos que imos xogar.
- Necesitas preparar o rolo de papel nun lugar onde poida quedar estendido durante o tempo que dure a sesión.

COMEZAMOS

» ESPAZO 1

- Círculo
- Roda de palabras
- Presentación de obxecto cuberto (taboleiro de xogo).
- Descubrir o taboleiro.

Mostramos os movementos de Lapis arredor do taboleiro e cun alumno de voluntario.

sincrónico-lateral.mp4

asincrónico-lateral.mp4

Lembrarlle ao grupo como vai ser a organización grupal para xogar a lapis. Mostrar o sinal sonoro (campá) que utilizarás sempre para comezar a partida, para cambiar de sitio e para finalizar as partidas. Atopa unha dinámica a través do xogo que che facilite dividir o grupo en dous.

» ESPAZO 2

Xogan todos ao Lapis.

- 4 partidas cos movementos que mostraches. Sincrónico lateral e asincrónico lateral.
- Recollida de material.

» ESPAZO 3

- Breve lectura
- Escritura-debuxo en rolo
- Recollida do rolo.
- Peche con campás.

SESIÓN 2. A BILATERALIDADE

- Duración da sesión: 50 min
- Lugar: patio e un chan onde se poida estender uns 4 metros de rolo e se poida escribir.
- Obxectos imprescindibles: alfombras, taboleiros, campá, moedas e chaves.
- Obxectos secundarios: Cronómetro, xiz, coxíns, breve lectura.

CON ESTA SESIÓN QUEREMOS:

Aprender os patróns de movemento bilateral sincrónico e bilateral asincrónico. Repasar os patróns aprendidos na sesión anterior. Profundar no desenvolvemento da coordinación óculo-manual. Activar habilidades cognitivas necesarias para a grafomotricidade. Ampliar o imaxinario a través da expresión propia e a escoita do conxunto de persoas. Fomentar a improvisación e a atención plena. Acrecentar a escoita oral e expresión escrita.

QUE NECESITAS DEIXAR PREPARADO ANTES DE COMEZAR A SESIÓN?

- Necesitas cubrir coxín
- Necesitas colocar as alfombras no patio formando unha fila longa e os taboleiros enriba da alfombra tamén en fila.
- Necesitas 4 obxectos iguais enriba de cada táboa.
- Necesitas pintar un círculo grande de xiz. No centro do círculo a modo de obra de arte, deixarás colocado o coxín.
- **Necesitas preparar o rolo de papel nun lugar onde poida quedar estendido durante o tempo que dure a sesión.**

COMENZAMOS

» ESPAZO 1

- Círculo
- Roda de palabras
- Presentación de obxecto cuberto (coxín)
- Pase de obxecto cun coxín.

NON DESCUBRIR O COXÍN

Repasar os movementos sincrónico e asincrónico e mostrar bilateral. Mostramos os movementos cun alumno de voluntario.

sincrónico-bilateral.mp4

asincrónico-bilateral.mp4

Lembrar a organización grupal para xogar a lapis. Lembrar o sinal sonoro (campá) que nos axuda a organizarnos para comezar, cambiar de parella e finalizar as partidas.

Aplicar dinámica para dividir o grupo en dous.

» ESPAZO 2

- 3 ou 4 partidas de Lapis...
- Recollida de material.

» ESPAZO 3

- Breve lectura
- Escritura-debuxo en rolo
- Recollida do rolo.
- Peche con campás.

SESIÓN 3. XOGAR CO SON

- Duración da sesión: 50 min
- Lugar: patio e un chan onde se poida estender uns 4 metros de rolo e se poida escribir.
- Obxectos imprescindibles: alfombras, taboleiro, chaves, moedas, campás e ovos.
- Obxectos secundarios: Cronómetro, xiz, moedas, e dous coxíns cubertos.
- Breve lectura.

CON ESTA SESIÓN QUEREMOS:

Introducir un sinal sonoro externo no xogo. Repasar os patróns de movemento aprendidos anteriormente. Pór en valor o coidado dos obxectos cotiáns. Fomentar a escoita do espazo sonoro, o ritmo. Ampliar as capacidades lingüísticas, en referencia á simbolización, a comunicación e o vocabulario. Fomentar a improvisación e a atención plena. Acrecentar a escoita oral e expresión escrita.

QUE NECESITAS DEIXAR PREPARADO ANTES DE COMEZAR A SESIÓN?

- Necesitas cubrir 2 coxíns.
- Necesitas pintar un círculo grande de xiz. No centro do círculo deixarás colocado os 2 coxíns cubertos.
- Necesitas colocar as alfombras no patio formando unha fila longa e os taboleiros enriba da alfombra tamén en fila.
- Necesitas 4 obxectos iguais enriba de cada táboa. Un ovo sonoro e unha campá alternando a súa orde, ao lado de cada taboleiro.
- Necesitas preparar o rolo de papel nun lugar onde poida quedar estendido durante o tempo que dure a sesión.

COMEZAMOS

» ESPAZO 1

- Espazo 1
- Círculo
- Presentamos os dous coxíns cubertos.
- Pase de obxectos.

Mostramos os movementos de Lapis arredor do taboleiro e cun alumno de voluntario.

Sincrónico lateral, asincrónico lateral e sincrónico bilateral, asincrónico bilateral + sinal externo con campá ou ovo sonoro.

con-sinal-externo.mp4

Lembrar a organización grupal para xogar a lapis. Lembrar o sinal sonoro (campá) que nos axuda a organizarnos para comezar, cambiar de parella e finalizar as partidas.

Aplicar dinámica para dividir o grupo en dous.

» ESPAZO 2

- 3 partidas.
- Recollida de material.

» ESPAZO 3

- Breve lectura
- Escritura-debuxo en rolo
- Recollida do rolo.
- Peche con campás.

SESIÓN 4. E TI QUE CUBRIRÍAS?

- Duración da sesión: 50 min
- Lugar: patio e un chan onde se poida estender uns 4 metros de rolo e se poida escribir.
- Maqueta sinxela que creases.
- Obxectos imprescindibles: alfombras.
- Obxectos secundarios: obxectos que ti elixas para cubrir*. Papel reciclado para usar en cubricións, fita de papel carroceiro.
- Breve lectura.
- Obxectos que ti selecciones para ser cubertos.

CON ESTA SESIÓN QUEREMOS:

Avivar a percepción artística/colectiva. Potenciar a creatividade e a expresión artística. Potenciar a psicomotricidade fina. Profundar no desenvolvemento da coordinación óculo-manual. Fomentar a atención plena. Acrecentar a escoita oral e expresión escrita.

Nós cubrimos algunhas cadeiras da propia aula, un par de bancos do patio e algúns playmobiles dos que utilizamos na maqueta da sesión.

QUE NECESITAS DEIXAR PREPARADO ANTES DE COMEZAR A SESIÓN?

- Necesitas deixar un espazo preparado coa maqueta que creases e coas alfombras para que os alumnos poidan sentar.
- Necesitas ter preparado os papeis para cubrir e a fita de carroceiro.
- Necesitas preparar o rolo de papel nun lugar onde poida quedar estendido durante o tempo que dure a sesión.

COMEZAMOS

Dá a benvida ao alumnado arredor da maqueta que creases para compartir con eles o faladoiro. E ti que cubrirías?

A nós serviunos para crear atención e ilusión presentarlles a maqueta a modo de teatro.

Cando termines o faladoiro transforma o espazo e procede a cubrir os obxectos que elixises no patio. Podes levar os obxectos á aula e crear un pequeno museo.

Nesta sesión propón escribir no rolo sobre a Gran Cubrición e E ti que cubrirías?

gran-cubrición.mp4

SESIÓN 5.
RESIGNIFICANDO O OBXECTO DE ESCRITURA.

- Duración da sesión: 50 min
- Lugar: patio e un chan onde se poida estender uns 4 metros de rolo e se poida escribir.
- Obxectos imprescindibles: alfombras, taboleiro, campás, rotuladores, campás e ovos sonoros.
- Obxectos secundarios: Cronómetro, xiz, e dous coxíns cubertos.
- Breve lectura.

CON ESTA SESIÓN QUEREMOS:

Activar habilidades cognitivas necesarias para a grafomotricidade e o desenvolvemento da coordinación óculo-manual. Resignificar o uso do grafismo desde o xogo. Profundar na ampliación do imaxinario a través da expresión propia e a escoita do conxunto de persoas. Fomentar a improvisación e a atención plena. Acrecentar a escoita oral e expresión escrita.

QUE NECESITAS DEIXAR PREPARADO ANTES DE COMEZAR A SESIÓN?

- Necesitas 2 coxíns
- Necesitas pintar un círculo grande de xiz.
- Necesitas colocar as alfombras no patio formando unha fila longa e os taboleiros enriba da alfombra tamén en fila.
- Necesitas 4 rotuladores encima de cada taboleiro.
- Necesitas fixar un folio con fita de carroceiro enriba de cada taboleiro.
- Necesitas ter as campás e ovos por se decides incluír o sinal externo.
- Necesitas preparar o rolo de papel nun lugar onde poida quedar estendido durante o tempo que dure a sesión.

COMENZAMOS

» ESPAZO 1

- Círculo
- Pase de obxectos (dous coxíns cubertos) + roda de palabras.

Repasamos os movementos do Lapis arredor do taboleiro e cos rotuladores cunha alumna de voluntaria.

Pór atención ao cambio na expresión física en relación aos novos movementos que se dan co uso dos rotuladores.

Lembrar como vai ser a organización grupal para xogar ao Lapis. Lembrar o sinal sonoro (campá) que nos axuda a organizarnos para comezar, cambiar de parella e finalizar as partidas.

Aplicar dinámica para dividir o grupo en dous.

rotuladores.mp4

» ESPAZO 2

- 3 partidas con rotus. Recomendámosche que primeiro xogues dúas partidas sen sinal externo e logo introduzas o sinal (campá e ovos sonoros).
  A expresión gráfica que se produce no folio cos rotuladores crea especial emoción nas participantes.
- Recollida de material.

» ESPAZO 3

- Breve lectura
- Escritura-debuxo en rolo
- Recollida do rolo.
- Peche con campás.

SESIÓN 6. CREATIVIDADE COMPARTIDA

Esta sesión é máis creativa e libre tanto para ti como para o alumnado.

- Duración da sesión: 50 min
- Lugar: patio e un chan onde se poida estender uns 4 metros de rolo e se poida escribir.
- Obxectos imprescindibles: alfombras, taboleiros, moedas, chaves, rotuladores, campás, ovos sonoros.
- Obxectos secundarios: Cronómetro, xiz, folios e fita de carroceiro.
- Obxectos novos que queiras achegar ti para xogar ao Lapis e crear variantes.

CON ESTA SESIÓN QUEREMOS:

Activar habilidades cognitivas necesarias para a grafomotricidade e o desenvolvemento da coordinación óculo-manual.

Resignificar o uso do grafismo desde o xogo. Potenciar a creatividade e a expresión artística. Afianzar os patróns de movementos de malabarismo funcional. Fomentar a improvisación e a atención plena. Acrecentar a escoita oral e a expresión escrita.

Como sinais externos nós xogamos con chapeus, pitos de boca, vasos con auga, fichas de Lego e de madeira, pelotas (en chans moi apropiados), cubertos, panos de mesa, pedras.

QUE NECESITAS DEIXAR PREPARADO ANTES DE COMEZAR A SESIÓN?

- Necesitas pintar un círculo grande de xiz.
- Necesitas deixar as alfombras colocadas en fila.
- Necesitas deixar un espazo preparado con grupos de obxectos clasificados, taboleiros e sinais externos.
- Necesitas preparar o rolo de papel nun lugar onde poida quedar estendido durante o tempo que dure a sesión.

COMENZAMOS

» ESPAZO 1

Círculo
Propón as dinámicas de **Rolda de palabra** e pase de obxectos coas variantes e da forma que che apeteza en función de como xogases nas anteriores sesións.

xogando-con-vasos.mp4

Proposta para esta sesión:

Comunícalles aos alumnos que no Espazo 2 van atopar diferentes obxectos agrupados para xogar ao Lapis. As alumnas, organizadas por parellas, terán que elixir a composición do seu kit de Lapis.

As partidas sucederanse igual que nas sesións anteriores.

» ESPAZO 2

- Acorda o número de partidas co alumnado.
- Recollida de material.

» ESPAZO 3

- Breve lectura
- Escritura-debuxo en rolo
- Recollida do rolo.
- Peche con campás.

SESIÓN 7.
GRAN CUBRICIÓN

Esta sesión é túa e de todas as persoas que se quixesen implicar na obra.



SOMOS CANTÓN Y PRADA.

Cantón y Prada é un colectivo artístico de dous. Colaboran vital e profesionalmente desde 2009. Guiadas pola súa intuición, ambas elixiron a educación non formal na súa carreira como artistas e docentes.

Tamén os une o gusto de mergullaren na contorna, integrando saberes que adquiriron arredor do movemento, o sonoro, a escoita, o silencio, o circo, a improvisación, o escénico, o parto, a enfermidade e o dó; policromías que definen a súa maneira de entenderen as artes e a pedagoxía.

Activistas do imaxinario propio e colectivo, conciben as prácticas artísticas como modos de facer que ocorren natural e de forma cotiá e traballan para que estas sexan accesibles a todos os corpos facilitando espazos amables onde compartir.

Para o desenvolvemento das súas creacións artísticas e pedagóxicas, os seus métodos despréganse na escoita dos recursos que proporcionan as persoas, os espazos e os obxectos no momento presente.



PLANEA
RED DE ARTE Y ESCUELA
ZEMOS98
Cantón y Prada
rexenerando S. Coop. Galega
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL